



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: Inma López Silva

[Ramón Nicolás 16 Xuño 2014](#)

1.– Principal trazo do seu carácter?

– O optimismo.

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

-Hai varias, pero sobre todo, a intelixencia, a temperanza e posuír unha certa agudeza emocional que non todo o mundo ten.

3.– Que agarda das súas amizades?

– A confianza mutua

4.– A súa principal eiva?

– Un certo mal xenio que tarda en aparecer pero... en canto o fai, faise notar.

5.– A súa ocupación favorita?

– Teño tres, que tiven a sorte de converter en oficios. Escribir, ensinar e ir ao teatro. (Todas elas, en maior ou menor medida, conlevan a lectura, que non considero tanto ocupación coma estilo de vida)

6.– O seu ideal de felicidade?

– Vivir onde queira e como queira.

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

– Perder a miña filla.

8.– Que lle gustaría ser?

-Se con esta pregunta te refires a ese soño hipotético, imposíbel de cumprir porque nunca fixeches nada por tentalo pero forma parte das túas paixóns e aspiracións secretas, cantante de ópera, sen ningunha dúbida.

9.– En que país desexaría vivir?

– Na República de Galicia.

10.– A súa cor favorita?

– O verde.

11. – A flor que máis lle gusta?

– A rosa.

12.– O paxaro que prefire?

– Os que se comen.

13.– A súa devoción na prosa?

– O Quixote, Tristram Shandy e Rabelais, sempre. Logo teño moitas devocións que mudan por épocas; agora mesmo Murakami, Alice Munro, Gioconda Belli, Susan Sonntag; por aquí últimamente gusto moito de Xabier López. E déixame contar o teatro coma prosa: Shakespeare, sempre; Cándido Pazó, Juan Mayorga, Victor Haïm, Heiner Müller, Sarah Kane. Levo fatal este tipo de preguntas.

14.– E na poesía?

-Sigo ecléctica. Joan Margarit e Miro Villar. Dependendo do estado de ánimo, San Juan de la Cruz e Manrique. Os sonetos de Shakespeare e os de Camões. A T. S. Eliot volvo sempre, igual ca á nosa Rosalía e a Cunqueiro.

15.- Un libro?

– Non podo dicir un só libro. Remítome as dúas respostas anteriores que, sen dúbida, xa contestei de maneira indebida por incontinente.

16.- Un heroe de ficción?

– Indiana Jones.

17.- Unha heroína?

– Circe.

18.- A súa música favorita?

– Calquera couda que fixeron os Beatles.

19.- Na pintura?

– Kandinsky, Chagall, Magritte.

20.- Un heroe ou heroína na vida real?

– Mata Hari.

21.- O seu nome favorito?

– Sofía.

22.- Que hábito alleo non soporta?

– O exceso de confianza en todas as súas modalidades.

23.- O que máis odia?

– Tres cousas: a ignorancia fachendosa, a cobiza ególatra, a autoridade sen auctoritas.

24.- A figura histórica que máis despreza?

– Deixando á parte aos dirixentes fascistas e os seus axudantes en todas as súas modalidades, hai un ser desprezábel do que non sempre se fala o suficiente: o Cardeal Richelieu.

25.- Un feito militar que admire?

– A Revolución de Sierra Madre e a liberación de Cuba.

26.- Que don natural lle gustaría ter?

– A elegancia.

27.- De que maneira lle gustaría morrer?

– Non me gustaría morrer.

28.- Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

– Animoso.

29.- Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

– A impaciencia, a inseguridade e o medo.

30.- Un lema na súa vida?

– Carpe diem.